

# Como tratar os refugallos en fogares con enfermos ou en corentena por COVID-19

## BOLSA 1

Refugallos do paciente

## BOLSA 2

Bolsa 1  
+  
Material do coidador

## BOLSA 3

Bolsa 2  
+  
Refugallos domésticos

### DENTRO DA HABITACIÓN

1. Eliminar os refugallos do enfermo (incluíndo o material desbotable como luvas, panos, mascarillas, etc) nunha bolsa de plástico (BOLSA 1) nun cubo de lixo preferiblemente con tapa e pedal de apertura, sen separar para reciclaxe.
2. Pechar a bolsa (BOLSA 1) axeitadamente e poñela nunha segunda bolsa de lixo (BOLSA 2) onde ademais botaranse as luvas e mascarilla empregados polo coidador e se pechará axeitadamente antes de saír da habitación.

### FÓRA DA HABITACIÓN DO ENFERMO/A

3. A BOLSA 2 con todos os refugallos meterase na bolsa de lixo (BOLSA 3) cos demais refugallos domésticos do cubo “fracción resto” (refugallos sobrantes trala separación). A BOLSA 3 tamén se pechará ao xeito.
  4. Inmediatamente despois lavará as mans con auga e xabón ao menos 40-60 segundos.
  5. A BOLSA 3 depositarase só no contedor de fracción resto (o sistema de recollida de fracción resto establecido na entidade local).
- ! Está terminantemente prohibido botala nos contedores de recollida separada (orgánico, envases, papel, vidro ou textil) ou o seu abandono no entorno.

## Como tratar os refugallos en fogares sen positivos

No caso dos fogares sen positivos nin corentena, os refugallos elimínanse da maneira habitual.

As luvas de látex ou nitrilo non son envases e polo tanto non deben botarse no contedor de envases lixeiros (amarelo), senón no resto.